

CICLO

Entre as Matemáticas e a Arte

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
8 de outubro de 2019



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

A Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas do Consello da Cultura Galega vén apostando polo diálogo interdisciplinar nun ciclo nomeado "Entre... e a arte" que xa abordou os vínculos entre a arte e o pensamento e a arte e a comunicación. As Matemáticas e a Arte centran esta nova xornada que conta coa intervención de tres relevantes especialistas: Raúl Ibáñez, profesor de Matemáticas na UPV/EHU; José María Yturralde, pintor, e Ignacio Gómez de Liaño, filósofo, poeta e profesor, que analizarán, dende a óptica das matemáticas, o papel que está desempeñando esta ciencia básica na arte contemporánea.

Se ben é certo que as matemáticas estiveron relacionadas coa arte dende a Antigüidade, fixérono en gran medida como «ferramenta de cálculo». Non obstante, coa chegada da arte abstracta a comezos do século XX, a ciencia das matemáticas comezou a desempeñar un papel cada vez máis importante en dúas dimensións distintas á anterior: como fonte de inspiración e como ferramenta no proceso creativo do artista. En relación con esta última, Kandinsky xa propuxo unha arte na cal as matemáticas substituían a imaxinación.

Deste xeito, a través de exemplos concretos de artistas como Mel Bochner, Max Bill, Richard Lohse, José María Yturralde, Mario Merz ou Esther Ferrer, entre outros, poderanse ver, como elementos matemáticos, o infinito, o número π , a sucesión de Fibonacci, os números primos, a combinatoria, a teoría de nós, a banda de Moebius, os crebacabezas xeométricos, as ecuacións matemáticas, o teorema de Pitágoras ou mesmo a cuarta dimensión.

Imaxe da portada: Manuel Quintana Martelo

PROGRAMA

Sesión da mañá

10:15 horas Presentación

10:30 horas

As matemáticas como ferramenta de creación artística

Raúl Ibáñez, profesor titular de Matemáticas na Universidade do País Vasco/ Euskal Herriko Unibertsitatea

11:30 horas

Pausa

12:00 horas

Ciencia e pintura

José María Yturralde, pintor e profesor, conversa con **Miguel Fernández-Cid**

Sesión da tarde

17:00 horas

Arte e Ciencia. A miña experiencia no Centro de Cálculo da Universidade de Madrid (1969-1973)

Ignacio Gómez de Liaño, filósofo, poeta, científico e profesor universitario

18:00 horas

Coloquio

Participan: **Asunta Rodríguez**

Raúl Ibáñez

José María Yturralde

Ignacio Gómez de Liaño

ORGANIZA

Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas (CCG)

Consello da Cultura Galega

COORDINA

Miguel Fernández-Cid

Jesús Pastor Bravo

Asunta Rodríguez

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

